

Expediente	2022046672
Asunto	Aprobación da composición do Comité de Avaliación do procedemento de participación nas accións do Programa de apoio ao emprendemento, crecemento empresarial e innovación e a I Edición dos premios ao emprendemento SmartPeme, actuacións realizadas en colaboración coa Fundación Roberto Rivas
Trámite	Resolución Presidencial

A deputada delegada da área de Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Empresarial, en virtude das competencias atribuídas pola Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**.

Con Resolución Presidencial nº. 2022006033, do 23 de agosto, aprobábanse as Bases reguladoras do procedemento de participación nas accións do Programa de Apoio ao Emprendemento, Crecemento Empresarial e Innovación e a I Edición dos Premios ao emprendemento SmartPeme, actuacións realizadas en colaboración coa Fundación Roberto Rivas.

Que na cláusula vixésima das devanditas bases, en relación co Comité de avaliación, prevese que "A composición final das persoas vogais do Comité avaliador aprobarase por resolución presidencial que se publicará na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) antes do inicio das accións previstas. Na composición do Comité avaliador procurárase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes".

Considerando os artigos 34.1 o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o 105.1 r) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, que lle atribúen á presidenta da Deputación o exercicio daquelas competencias que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas lle atribúan á Deputación e non estean expresamente atribuídas a outros órganos e que o órgano competente para a aprobación desta resolución é a deputada delegada de Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Empresarial, Dona Ana María Mejías Sacaluga, en aplicación da Resolución Presidencial do 27 de maio de 2020, (Rex. nº. 2020003407) sobre a delegación das atribucións da presidenta.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a composición do Comité de avaliación do Programa de apoio ao emprendemento, crecemento empresarial e innovación e da I Edición dos premios ao emprendemento SmartPeme, quedando formado polas seguintes persoas:

- Presidenta: Ana María Mejías Sacaluga, deputada da área de Novas Tecnoloxías



e Desenvolvemento Empresarial

- Vocal: Xabier Fontcuberta Estrada, presidente da Fundación Roberto Rivas
- Vocal: Marta Giménez Domínguez, formadora de la I Aceleradora de empresas SmartPeme, consultora da empresa KPMG España S.A.
- Vocal: Ignacio Virel Sánchez, coordinador do proxecto "SmartPeme" do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra
- Secretaria: Marta Parada Lorenzo, técnica do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra

SEGUNDO.- Ordenar a publicación desta resolución na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal).

Asinado dixitalmente á marxe.

Contra o presente acto, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso administrativo ante o Xulgado competente deste orde, nos 2 meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación (arts. 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo). Non obstante, potestativamente, poderá interperse recurso de reposición ante o órgano autor desta resolución ou acordo, no prazo de 1 mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación (art. 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

De optarse pola interposición do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo non poderá interperse ata que aquel sexa resolto expresamente ou por silencio administrativo. O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts. 124.2 e 24.1 e 2 da Lei 39/2015). Neste último caso poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Non obstante poderá interperse calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

